



Memoria

Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) para o deseño e redacción da proposta dunha Guía para a realización de plans de vixilancia ambiental das granxas mariñas terrestres.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica formalizou coa Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangúa desde o 14 de xullo de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e a Consellería do Mar, para levar a termo actuacións conxuntas tendentes á dirección científica, coordinación e soporte técnicos que permitan acadar guías que sirvan de orientación ou apoio ao sector para elaborar os correspondentes Plans de vixilancia ambiental de granxas mariñas terrestres.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentou no seguinte:

I- Estudo da ecotoxicidade e persistencia tóxica das verteduras das granxas mariñas terrestres:





- Estudáranse as verteduras de polo menos 5 granxas mariñas terrestres galegas, para comprobar a súa variabilidade ecotóxica.
- Aplicarase unha batería de probas ecotoxicolóxicas a tres niveis biolóxicos (proba de fluorescencia bacteriana; proba de microalgas; proba de larvas de ourizo).
- Comprobación da persistencia da ecotoxicidade, mediante unha batería de bioensaos aplicadas ás mostras das verteduras en fresco (t0) e despois de 3 períodos de degradación (t3, t5 e t10 días). O número de bioensaos a realizar terá en conta o número de réplicas, os gradientes de dilución das verteduras e os controis necesarios.

II- Deseño e redacción da proposta dunha Guía para a realización de plans de vixilancia ambiental das granxas mariñas terrestres.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso da sinatura do instrumento convencional que se pretendía, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

